

O SER HUMANO

A respiración

Nome _____

Data _____

O escafandro autónomo

O ser humano sempre quixo explorar o medio que o rodea aínda que as condicións deste normalmente non llo permitan, coma no fondo do mar ou no espazo. Os humanos temos pulmóns, por iso non podemos respirar debaixo da auga coma os peixes. Pero hai moito tempo comezouse a pensar e deseñar dispositivos que o permitiran.

Antigamente, aos mergulladores facíaseles chegar aire desde o exterior mediante un tubo. Pero isto facía que os seus movementos fosen moi limitados e só puidesen desprazarse polo fondo do mar.

O escafandro autónomo chámase así porque fai posible nadar con toda liberdade ao carecer dese tubo. Basicamente, consiste nunha máscara conectada cunhas botellas cheas de aire que se levan no lombo. Foi inventada polo francés Jacques Cousteau no ano 1946.



1 Responde as seguintes preguntas.

- Como podían respirar os mergulladores antigamente?


- Que inconvenientes tiña ese dispositivo?

- Quen inventou o escafandro autónomo?

- Por que o escafandro autónomo se chama así?

- 2** Este é o debuxo dun mergullador co seu equipo básico. Escribe o nome de cada elemento no lugar correspondente.

máscara – regulador – botella – aletas – traxe de mergullo – coitelo – reloxo – chaleco



- 3** Que son as burbullas que expulsan os submarinistas? De que gas estarán compostas?

- 4** No mergullo con escafandro autónomo utilízase unha botella chea de aire comprimido. O regulador permite controlar a cantidade de aire respirado e extraelo pouco a pouco da botella. Explica por que cres que é necesario o uso do regulador.

- 5** No espazo non hai aire que respirar. Na parte do lombo do traxe dos astronautas hai unha mochila que contén o osíxeno que os astronautas respiran durante os seus paseos espaciais e elimina o dióxido de carbono que exhalan. Esta mochila denomínase Subsistema Primario de Soporte de Vida. Por que cres que recibe este nome?

